

NOTA DE PRENSA

O GRUPO CUEVAS CONQUISTA OS 100 MILLÓNS EN VENDAS AO CRECER UN 5,3% EN 2017

- Pechou o exercicio do seu 150 ANIVERSARIO cunha facturación agregada de 101,6 millóns e un beneficio bruto de explotación (ebitda) de 3,37 millóns, un 9,5% máis que en 2016.
- A media anual de emprego creceu un 6%, coa creación de 30 novos postos de traballo.
- Artur Yuste, director xeral da compañía, destaca “a solidez no crecemento, que nos permitiu dobrar en só tres anos o resultado bruto”.
- O grupo ourensán avanza na implantación de medidas internas para facer efectiva en 2020 a plena igualdade de mulleres e homes, en todos os ámbitos da empresa.

A superación da barreira dos 100 millóns de euros en facturación agregada, a creación dun 6% de novo emprego e a continuidade da senda de crecemento no resultado bruto de explotación e no *cash flow*, é dicir, nas magnitudes determinantes para o investimento e para os plans estratéxicos, definiron o histórico exercicio do 150 ANIVERSARIO do Grupo Cuevas.

O ano pasado, as vendas da compañía excederon a barreira dos 100 millóns de euros. O crecemento medio do 5,29% no conxunto das sociedades impulsou a cifra de negocio ata 101,56 millóns. O incremento acumulado nos dous últimos exercicios (entre 2015 e 2017) situouse no 8,1%. “Unha das principais características do Grupo Cuevas é a solvencia e o crecemento sostido e en equilibrio, debido á consistencia das vendas e a unha evolución que, exercicio tras exercicio, se move por riba das medias do sector da distribución alimentaria”, explica Artur Yuste, director xeral da centenaria compañía ourensá.

Segundo os datos do recente informe Nielsen, as vendas totais dos produtos de gran consumo (alimentación envasada, bebidas, coidado do fogar, hixiene persoal e beleza) aumentaron un 3,8% de media en España en 2017 e un 4,2% en Galicia. É dicir, o Grupo Cuevas superou nun 26,6% o crecemento medio do sector en España e nun 14,5% o de Galicia, tal e como se

desprende da parte do informe Nielsen, que analiza o consumo desde a perspectiva do punto de venda.

Un 93% máis de ebitda

O resultado bruto de explotación (ebitda) ascendeu a 3,37 millóns e consolidou os excepcionais incrementos dos dous anos precedentes. Na comparativa con 2016 mellorou case un 10%, ao pasar de 3,07 a 3,37 millóns, mentres que o crecemento acumulado a dous anos (2015 a 2017) situouse no 26,7% e o de tres anos (2014 a 2017) no 92,6%. Desta forma, o ebitda pasou entre 2014 e 2017 de 1,75 millóns aos actuais 3,37 millóns.

“A solidez no crecemento levounos a dobrar en só tres anos o resultado bruto de explotación e permítenos afrontar o futuro con músculo e fortaleza para seguir apostando pola ampliación no número de establecementos e en superficie comercial, e para redobrar o desafío do posicionamento xeográfico, no que Grupo Cuevas significase dentro do sector por ser unha empresa claramente comprometida no apoio ao rural, e por extensión ás zonas con maior castigo demográfico e con menores recursos da Galicia interior, para o que desenvolve un plan estratéxico específico no que traballamos intensivamente”, destaca Artur Yuste.

Aniversario con crecementos

Mentres, a boa evolución no exercicio que coincidiu coas celebracións do 150 ANIVERSARIO da marca Grupo Cuevas, tivo un reflexo claro no negocio da alimentación, que xerou o 88,4% dos ingresos totais logrados pola compañía en 2017. A sociedade principal pechou o ano cunha subida de facturación próxima ao 5%, en liña coa media do grupo.

Pola súa banda, a empresa con maior auxe de ingresos foi o concesionario Tomóvil, que se beneficiou da tendencia do seu sector, nun ano de crecementos e recuperación da actividade na distribución de automóbiles en España.

A media de empregados ao longo do ano achegouse aos 500 (ao 31 de decembro a cifra sempre é maior, polo efecto da estacionalidade) e incrementouse nun 6%. Esta variable constata a consolidación de máis de 30 empregos de nova creación en 2017, tendencia que se manterá nos próximos anos.

En 2017, o Grupo Cuevas tributou en Galicia 3,3 millóns de euros polo pago de impostos, e destinou a seguros sociais un importe de 2,7 millóns de euros.

Comunicación e consultas: Marta Cid, 988.211.013, comunicacion@grupocuevas.com